

II Premio de Innovación Docente
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Memoria do proxecto de innovación docente:

A Economía a través do cinema

Coordinadores: Adrián Dios Vicente e Raul Rios Rodríguez

Materias: Estrutura Económica Mundial (Grao en ADE), Historia Económica (Grao en ADE), Historia Económica Mundial (Grao en Economía), Estrutura Económica Mundial I (Grao en Economía), Economía Política II – Facenda Pública (Grao en Dereito)

e

Ciclo de cinema de participación aberta para todo o estudiantado da
Facultade

Cursos: 2020–2021 / 2021–2022 / 2022–2023



FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS
E EMPRESARIAIS

Contido

1. Introducción	4
2. Materias	5
2.1. Descrición das materias	6
3. Motivación e obxectivos	9
4. Descrición e duración	10
4.1. Curso 2019 – 2020	10
4.1.1. Películas propostas	11
4.1.2. Características do traballo escrito a desenvolver polo alumnado	11
4.1.3. Características do debate en grupo	12
4.1.4. Proposta de gamificación	13
4.1.5. Impacto da COVID-19 e o Estado de Alarma	14
4.2. Curso 2020 – 2021	15
4.2.1. Películas propostas	15
4.2.2. Cambios na entrega do traballo escrito	16
4.3. Curso 2021 – 2022	16
4.3.1. Películas propostas	16
4.3.2. Unha nova proposta de avaliación a través de rúbrica	17
4.4. Curso 2022 – 2023. Un salto cualitativo da proposta docente. O Ciclo ‘A economía e a empresa no cinema’	17
4.4.1. Películas propostas	18
4.5. Discusión sobre os resultados da enquisa do Ciclo de Cinema	19
5. Vantaxes e dificultades	20
6. Recursos, ferramentas	21
7. Bibliografía	21
Anexo I: Rúbrica empregada para The Big Short	23
Anexo II: Evidencias	23

Índice de táboas

Táboa 1. Materias implicadas no proxecto docente.....	5
Táboa 2. Películas propostas curso 2019 - 2020.....	11
Táboa 3. Personaxes do proxecto de gamificación. The Big Short	13
Táboa 4. Películas propostas curso 2020 - 2021.....	15
Táboa 5. Películas propostas curso 2021 - 2022.....	16
Táboa 6. Películas proxectadas, dirección e temas tratados. Ciclo de cine: A economía e a empresa no cinema	18

1. Introducción

A Economía a través do Cine é unha experiencia docente que se vén realizando dende o curso 2019 – 2020, inicialmente como metodoloxía innovadora en dúas materias de Grao, e na actualidade como ciclo aberto para o estudantado universitario en xeral. Polo tanto, trátase dun proxecto en evolución, que se transforma en cada curso.

O proxecto foi iniciado polo profesor Adrián Dios-Vicente en dúas materias: Estrutura Económica Mundial (Grao en Economía) e Economía Política II: Facenda Pública (Grao en Dereito). No ano seguinte, por modificacións no POD, o proxecto pasou a aplicarse a outras dúas materias: Estrutura Económica Mundial (Grao en Administración e Dirección de Empresas) e Historia Económica Mundial (Grao en Economía). No terceiro curso incorporouse ao proxecto o docente Raul Rios-Rodríguez, transformando o que inicialmente era un proxecto asociado a materias concretas nun ciclo no que podía matricularse todo o estudantado de grao da Facultade CC Económicas e Empresariais. No último curso (o presente 2023 – 2024) a matrícula está aberta ao conxunto do estudantado da Universidade de Santiago de Compostela, isto é, incluíndo outras titulacións. Pese a esa evolución, algunha das películas do ciclo de cinema continúa a ser utilizada na materia Historia Económica (Grao en Administración e Dirección de Empresas) propoñendo unha *gamificación* como metodoloxía innovadora.

Durante as últimas décadas, as ensinanzas universitarias fóronse transformando desde un modelo baseado na memorización de contidos e no que o alumnado era concibido como un axente pasivo; a outro modelo baseado na adquisición de competencias e no que o alumnado é entendido como un suxeito activo no proceso de ensino-aprendizaxe (Salinas, 2004; Rodríguez Rodríguez, 2024). Esta transformación é unha das bases fundamentais do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Tanto é así que xa na década de 1990 se iniciaron diversos intentos por transformar os métodos e as ferramentas docentes, co obxectivo de recoñecer ao estudante como centro do proceso de aprendizaxe, e á necesidade da súa participación activa para a adquisición non só de contidos, senón tamén de competencias (Rodríguez González, 2006). Así, fai xa practicamente tres décadas, Becker & Watts (1996) sostíñan que o ensino da ciencia económica e empresarial nos Estados Unidos estaba baseada fundamentalmente en clases maxistras e con escasa participación estudantil, e propoñían alternativas pedagóxicas para a súa transformación (Becker & Watts, 1995, 1998, 2006). Case tres décadas despois, os procesos pedagóxicos evolucionaron, pero continúan sendo pouco innovadores, o que Asarta *et al* consideran unha evolución “decepcionante e preocupante” (Asarta et al, 2021, p. 8).

Este cambio de concepción traducíuse na posta en práctica de diversas metodoloxías docentes innovadoras, sendo relativamente frecuentes aquelas que recorren ao uso de ferramentas audiovisuais e, en concreto, o cinema (de la Torre et al, 2013; Echarte et al, 2022; Pérez & López, 2007).

A utilización de películas é un instrumento útil en dúas dimensións: polo aumento do interese por parte do alumnado ao asociar a aprendizaxe a unha actividade que pode ser considerada lúdica, e a capacidade do propio cinema para trasladar situacións económicas e empresariais potencialmente reais con claridade e que favorecen a reflexión do estudantado desde os contidos teóricos aprendidos cara a súa tradución práctica (de la Torre et al, 2013). Ademais, o cinema é unha ferramenta que transmite sensacións e emocións, o que traslada de forma máis directa o estudante a situacións reais e interpélalle para a procura de solucións aos problemas presentados (Pérez & López, 2007).

Do mesmo xeito, nas Universidades do Estado Español foron desenvolvidas propostas pedagóxicas innovadoras empregando o cinema (Mourão, 2005; de Haro, 2007; Pérez & López, 2007; Pac & García, 2013), tamén na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela (Fernández et al, 2012), sendo as máis destacadas, pola súa amplitude, as desenvolvidas por Fernández Aguado (2001, 2010). Aínda que as actividades propostas son diversas, todos os autores destas experiencias coinciden ao sinalar que o cinema se revela como unha ferramenta altamente eficaz en termos didácticos.

Por outra banda, a *gamificación* tamén pode mellorar a retención do coñecemento ao ofrecer unha experiencia de aprendizaxe máis atractiva. Ao competir en xogos, resolver problemas e alcanzar obxectivos, os estudantes están máis inclinados a dedicar tempo e esforzo ao estudo, o que pode resultar nun mellor rendemento académico. Ademais, a *gamificación* pode aumentar a interacción entre estudantes e profesores, facilitando a retroalimentación e o seguimento individualizado do progreso (Prieto Andreu, 2020). En resumo, a *gamificación* nos graos de economía e empresa ofrece unha forma innovadora e efectiva de ensinar e aprender, preparando aos estudantes para enfrontar os desafíos do mundo laboral con habilidades sólidas e unha comprensión profunda dos principios económicos e empresariais.

A *gamificación* emerxeu como unha ferramenta poderosa na educación, particularmente en campos como a economía e a empresa. Ao incorporar elementos de xogo no proceso de aprendizaxe, o estudantado pode involucrarse de maneira máis activa e motivada no estudo de conceptos complexos. No contexto dos graos de economía e empresa, a *gamificación* pode simular escenarios empresariais, desafíos financeiros e decisións estratéxicas, brindando aos estudantes a oportunidade de aplicar teorías económicas e conceptos empresariais en situacións prácticas e realistas. Ademais, fomenta o desenvolvemento de habilidades como o pensamento crítico, a toma de decisións e a colaboración, que son fundamentais no mundo empresarial.

2. Materias

Derivado dos cambios que o profesorado organizador sufriu nos últimos anos no relativo ao seu POD, o proxecto foise aplicando en diferentes materias, como mecanismo pedagóxico, sendo adaptadas as películas aos contidos concretos das mesmas e ao grao de satisfacción do alumnado ao longo dos diversos cursos. É importante indicar que o curso 2019 – 2020 non é avaliable para a presente convocatoria, pero tamén se engade por ser o primeiro curso de desenvolvemento do proxecto, polo que é importante subliñar determinadas características iniciais do mesmo.

O proxecto foi aplicado nas seguintes materias:

Táboa 1. Materias implicadas no proxecto docente

Materia	Grao	Ano	Curso
Estrutura Económica Mundial I	Economía	1º	2019 – 2020
Economía Política II - Facenda Pública	Dereito	1º	2019 – 2020
Estrutura Económica Mundial	Administración e Dirección de Empresas	1º	2020 – 2021
Historia Económica Mundial	Economía	1º	2021 – 2022
Estrutura Económica Mundial	Administración e Dirección de Empresas	1º	2021 – 2022

Historia Económica	Administración e Dirección de Empresas	1º	2022 – 2023
Historia Económica	Administración e Dirección de Empresas	1º	2023 – 2024

2.1. Descrición das materias

Estrutura Económica Mundial I. Grao en Economía. Esta materia, situada no segundo semestre do primeiro ano do Grao, ten como obxectivos que o alumnado dispoña duns coñecementos que lles permitan comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía e algunhas pautas de formación do sistema económico mundial: as relacións económicas mundiais, as desigualdades existentes, os problemas sociais, os movementos cíclicos e os modelos de acumulación.

O programa desta materia ten continuidade coa materia Estrutura Económica Mundial II, onde se afonda en cuestións relacionadas co desenvolvemento.

En canto á organización da materia, as aulas divídense en clases expositivas de grupo grande e interactivas de grupo pequeno. Durante as dúas primeiras semanas as clases son sempre expositivas (tres horas e media á semana), e a partir da terceira semana as aulas divídense nunha clase expositiva (de dúas horas) e outra interactiva (de hora e media).

O sistema de avaliación é 70% exame final e 30% avaliación continua, estando esta actividade encadrada neste 30%.

A actividade ‘A Economía a través do cinema’ contribúe a desenvolver as seguintes competencias da materia:

- Elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas facendo uso de coñecementos sobre a realidade económica, identificando problemas económicos relevantes e avaliando as consecuencias das distintas alternativas de acción.
- Elaborar e presentar traballos e comunicar información e ideas de maneira oral e escrita, tanto individual como colectivamente.
- Identificar os problemas fundamentais da economía mundial, comprender os aspectos fundamentais da análise estrutural en economía e algunhas pautas da formación do sistema económico mundial.
- Abordar un tratamento concreto e detallado de certos temas claves da realidade económica mundial.

Economía Política II – Facenda Pública. Grao en Dereito. Esta materia, situada no segundo semestre do primeiro ano do Grao, ten como obxectivos proporcionar ao alumnado coñecemento relacionado coa Macroeconomía e a Facenda Pública, para que tamén poidan acadar unha visión de conxunto do papel económico do Estado.

A organización do Grao conta cunha materia no primeiro semestre de Economía Política I – Empresa e Mercados, que é útil como base para os contidos da materia, xa que realiza unha aproximación microeconómica á análise da economía. Ambas materias son de Formación Básica, e non teñen materias asociadas nos seguintes cursos do plan.

En canto á organización da materia, no Grao en Dereito a organización está distribuída con tres semanas de clase expositiva e unha semana de clase interactiva a continuación, diferente ao sistema no Facultade de CC Económicas e Empresariais. Tanto nas semanas de clase expositiva

como de interactiva hai tres clases, dúas de hora e media e unha de unha hora, sumando catro horas á semana.

O sistema de avaliación é 70% exame final e 30% avaliación continua, estando esta actividade encadrada neste 30%.

A actividade 'A Economía a través do cinema' contribúe a desenvolver as seguintes competencias da materia:

- a) Comprender o complexo papel das institucións públicas nas economías mixtas, así como asimilar e aplicar a problemas concretos os conceptos básicos e principais achegas da Facenda Pública (e, por extensión, da Economía Pública e a Política Económica).
- b) Entender a importancia económica da regulación pública e introducirse na aplicación da análise económica ao Dereito.
- c) Aplicar á regulación pública e en xeral ao sistema xurídico as ferramentas da análise económica.
- d) Identificar as accións de política económica susceptibles de conter a inflación / xerar emprego / estimular o crecemento económico..., e os seus posibles efectos adversos sobre os demais obxectivos macroeconómicos.

Estrutura Económica Mundial. Grao en Administración e Dirección de Empresas. Esta materia, situada no primeiro semestre do primeiro curso do grao, ten por obxectivos dotar ao alumnado dun coñecemento básico da economía mundial actual como marco no que se insiren as economías española e galega, dotando de coñecementos e capacidade de interpretación dos cambios recentes na evolución da economía mundial, con especial atención ao carácter interdependente dos elementos e relacións que configuran esta realidade e a comprensión do papel e funcionamento das institucións económicas internacionais.

A materia conta cunha continuación no segundo curso do grao a través de Estrutura Económica de España e de Galicia, na que se aplicarán contidos a un contexto xeográfico diferente (Estado Español e Galicia) que foron inicialmente traballados en Estrutura Económica Mundial.

En canto á organización da materia, a súa estrutura é idéntica á de Estrutura Económica Mundial I do grao en Economía: as aulas divídense en clases expositivas de grupo grande e interactivas de grupo pequeno. Durante as dúas primeiras semanas as clases son sempre expositivas (tres horas e media á semana), e a partir da terceira semana as aulas divídense nunha clase expositiva (de dúas horas) e outra interactiva (de hora e media).

O sistema de avaliación é 70% exame final e 30% avaliación continua, estando esta actividade encadrada neste 30%.

A actividade 'A Economía a través do cinema' contribúe a desenvolver as seguintes competencias da materia:

- a) Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- b) Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas a un nivel xeral, así como resolver problemas sobre estas cuestións, empregando os seus coñecementos sobre a realidade empresarial, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- c) Desenvolver a capacidade analítica necesaria para abordar estudos económicos.
- d) Comunicación oral e escrita.

Historia Económica Mundial. Grao en Economía. Esta materia, situada no segundo semestre do primeiro curso do grao, ten por obxectivos acadar unha comprensión do proceso de formación do mundo contemporáneo, na perspectiva temporal propia da análise histórica, percibindo os mecanismos do crecemento económico, en particular os cambios institucionais e as innovacións tecnolóxicas, e proporcionar os coñecementos da evolución da economía no pasado que poidan facilitar a comprensión do mundo actual.

A materia conta cunha continuación no segundo curso do grao, Historia Económica da España Contemporánea, e outra en terceiro, Historia de Galicia. En ambos casos, estas dúas materias mudan o horizonte xeográfico de estudo, pero mantendo unha metodoloxía e aproximación similar á de Historia Económica Mundial. Ademais, o grao conta cunha materia optativa que tamén complementa os contidos da Historia Económica Mundial: Historia das Relacións Económicas Internacionais.

En canto á organización da materia, esta estrutúrase en clases expositivas e interactivas, sendo as interactivas a base da materia. Durante as dúas primeiras semanas a materia conta con dúas horas e media de clases expositivas (teóricas, de grupo grande), divididas nunha clase de unha hora e outra de hora e media. A partir da terceira semana, as clases divídense en expositivas (unha hora) e interactivas (dúas horas e media), reforzando a necesidade de realizar actividades prácticas para o correcto desenvolvemento da docencia en grupo pequeno.

O sistema de avaliación é 60% exame final e 40% avaliación continua, estando esta actividade encadrada neste 40%.

A actividade 'A Economía a través do cinema' contribúe a desenvolver as seguintes competencias da materia:

- a) Coñecer e comprender os principios básicos da economía e da historia económica.
- b) Iniciarse na elaboración e presentación oral e escrita de informes e traballos.
- c) Desentrañar os mecanismos da evolución da economía, manifestos, especialmente, nos cambios na organización económica e nas grandes transicións tecnolóxicas da Humanidade.
- d) Coñecer a relación entre os sucesos ocorridos no pasado e as súas consecuencias actuais.

Historia Económica. Grao en Administración e Dirección de Empresas. Esta materia, situada no primeiro semestre do primeiro curso do grao, ten por obxectivos explicar as características e as causas das transformacións económicas e sociais experimentadas no mundo desde a Revolución Industrial até a actualidade, apreciando o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico, e coñecendo as distintas modalidades de empresa xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento.

A materia, ao igual que a materia Historia Económica Mundial do Grao en Economía, estrutúrase en clases expositivas e interactivas, sendo as interactivas a base da mesma. Durante as dúas primeiras semanas a materia conta con dúas horas e media de clases expositivas (teóricas, de grupo grande), divididas nunha clase de unha hora e outra de hora e media. A partir da terceira semana, as clases divídense en expositivas (unha hora) e interactivas (dúas horas e media), reforzando a necesidade de realizar actividades prácticas para o correcto desenvolvemento da docencia en grupo pequeno.

O sistema de avaliación é 60% exame final e 40% avaliación continua, estando esta actividade encadrada neste 40%.

A actividade 'A Economía a través do cinema' contribúe a desenvolver as seguintes competencias da materia:

- a) Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- b) Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas a un nivel xeral, así como resolver problemas sobre estas cuestións, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade empresarial, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- c) Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de como funciona a economía.
- d) Comunicación oral e escrita.

3. Motivación e obxectivos

A motivación deste proxecto parte da análise do perfil de estudantado da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Por unha parte, obsérvase que unha parte do alumnado mantén unha baixa motivación coa titulación, derivado de múltiples circunstancias (titulacións que non eran a súa primeira opción de estudo, indecisión sobre os seus intereses académicos...), o que limita a súa participación activa e tamén o seu interese de cara á aprendizaxe. Do mesmo xeito, o abandono das titulacións da Facultade é elevado no primeiro curso, polo que é preciso desenvolver recursos para o proceso de ensino-aprendizaxe que incrementen o interese polos propios títulos, amosando a utilidade práctica dos contidos teóricos.

Por outra parte, tamén se observa que unha parte do alumnado conta con certos déficits en competencias que serán fundamentais no seu desenvolvemento académico. Son tres as competencias sobre as que esta actividade de innovación docente pretende facer fincapé, de xeito que poidan axudar á súa formación durante todo o grao:

En primeiro lugar, (i) a capacidade de análise crítica. O modelo de ensino tradicional está moi orientado á aprendizaxe memorística de contidos, o que dificulta actitudes de curiosidade polos contidos a aprender e minimiza a importancia do razoamento crítico como mecanismo para a obtención de novas ideas e coñecementos. Así, é habitual que nos traballos escritos o alumnado non supere unha fase inicial descritiva, e, ao establecer opinións propias, non hai capacidade de argumentación para soste as súas posturas. Polo tanto, o desenvolvemento de actividades que fomenten a análise crítica pretende superar esta situación inicial, algo que terá importancia fundamental para a aplicación de diferentes teorías económicas e empresariais a contextos concretos en niveis máis avanzados da titulación, no Traballo de Fin de Grao e, por suposto, no seu futuro profesional.

As outras dúas competencias que é preciso traballar de xeito transversal dende o inicio dos seus estudos universitarios son (ii) as técnicas de expresión oral e (iii) as técnicas de expresión escrita. É dicir, por unha banda queremos fomentar a súa capacidade de reflexión, análise e argumentación e, polo outro, fomentar a práctica para mellorar as ferramentas comunicativas para defender estas ideas.

En termos de expresión escrita, en moitas ocasións atopamos problemas tan básicos como a falta de coherencia e cohesión nos textos, o que dificulta a capacidade de comprensión dos contidos concretos que o alumnado expresa. Esta situación é especialmente problemática no

alumnado de primeiro curso, pero mantense no resto da titulación, e a súa mellora vólvese un reto, sobre todo considerando a obrigatoriedade de desenvolver un Traballo de Fin de Grao.

A expresión oral, nun mundo cada vez máis competitivo e cun horizonte laboral moi cambiante, vólvese tamén unha competencia fundamental. Hai que ter en conta que o alumnado do sistema de ensino español ten importantes déficits na capacidade de expresión oral pola falta de tradición de mecanismos de aprendizaxe e avaliación nesta dirección. Así, esta actividade pretende normalizar a necesidade de falar en público e soste ideas propias ante grupos de persoas.

No caso do primeiro ano de realización do proxecto, foi desenvolvida tamén na Facultade de Dereito. A motivación para replicar esta actividade vén determinada non tanto polo perfil do estudantado (con menor taxa de abandono e maior motivación sobre o seu título) senón porque a situación da economía e a empresa ten un papel moito menos relevante no título, polo que existe unha necesidade de trasladar a importancia práctica destas disciplinas nun perfil de estudante moito menos focalizado nestes contidos.

En todas as súas edicións, o proxecto tivo como obxectivos:

- a) Aumentar o interese polas Ciencias Económicas e Empresariais.
- b) Potenciar a capacidade de reflexión e análise crítica.
- c) Aproximar os contidos teóricos a situacións económicas e empresariais reais que foron trasladadas ao cinema.
- d) Mellorar a capacidade de expresión oral e escrita do estudantado participante.
- e) Complementar o Plan de Estudos oficial, tratando temas relacionados coa realidade económica, actuais ou históricos, que non están recollidos no programa das materias ou que se abordan só de maneira superficial.

4. Descrición e duración

A continuación detállase o desenvolvemento da actividade durante os cursos que foi implementada. Hai que ter en conta que o proxecto foi mudando edición a edición, polo que aínda que haxa elementos de continuidade, todos os anos se producen mudanzas produto da análise e reflexión da experiencia previa. Do mesmo xeito, como xa foi indicado, incorpórase o curso 2019 – 2020 (non avaliable polo premio) por ser o primeiro ano de realización do proxecto, reflexando cuestións básicas para o seu desenvolvemento.

4.1. Curso 2019 – 2020

Como xa foi indicado, no curso 2019 – 2020 a actividade foi desenvolvida en dúas materias de dúas titulacións diferentes: Economía Política II – Facenda Pública, no segundo semestre do primeiro curso do Grao en Dereito, contando con 56 alumnos repartidos nun grupo expositivo e dous interactivos; e Estrutura Económica Mundial I, no segundo semestre do primeiro curso do Grao en Economía, contando tamén con 56 alumnos repartidos do mesmo xeito (un grupo expositivo e dous interactivos).

O proxecto foi explicado o primeiro día de clase na presentación das materias, para que o alumnado tivera toda a información sobre o seu desenvolvemento. Cada película terá que ser visualizada polo alumnado de xeito autónomo, e posteriormente realízanse dúas actividades diferentes:

- a) Un traballo individual.
- b) Un debate en grupo.

O peso do proxecto na avaliación representa en Estrutura Económica Mundial I 0,5 puntos sobre a nota final e 0,4 puntos na materia de Economía Política II – Facenda Pública. Esta diferenza vén determinada polo número de actividades interactivas propostas en cada materia, xa que a organización da carga docente entre aulas expositivas e interactivas varía, así como a organización ao longo do curso.

Como a organización das materias é diferente, no caso de Estrutura Económica Mundial I os traballos tiveron que ser presentados nos meses de Febreiro e Marzo (18 de Febreiro, 3 de Marzo, 17 de Marzo e 31 de Marzo), mentres na materia de Economía Política II – Facenda Pública unha vez ao mes (26 de Febreiro, 18 de Marzo, 15 de Abril e 6 de Maio).

Por último, hai que ter en conta que durante este semestre, o 14 de Marzo do 2020, foi declarado o Estado de Alarma derivado da COVID-19, o que levou á paralización das clases presenciais e o inicio da docencia online, o que tivo evidentes efectos neste proxecto.

4.1.1. Películas propostas

Táboa 2. Películas propostas curso 2019 - 2020

Película	Ano	Tema a tratar
The Big Short	2015	Crise financeira do 2008
I, Daniel Blake	2016	Recorte de gasto público
Le Capital	2012	Funcionamento do sistema financeiro
Darwin's Nightmare	2004	Investimento Estranxeiro Directo e colonialismo

A selección dos filmes está pensada en base aos contidos das materias empregadas. No caso de Economía Política II – Facenda Pública (Grao en ADE), a orientación tanto dos temas como dos elementos a debate pasa pola regulación pública, a intervención e o papel do Estado na toma de decisións económicas.

No caso da materia Estrutura Económica Mundial I (Grao en Economía), os contidos están orientados aos temas de Sistema Monetario e os organismos financeiros internacionais (The Big Short, Le Capital), Etapas e Modalidades de expansión do Capitalismo (I, Daniel Blake) e a Internacionalización do Capital: Investimento estranxeiro directo e empresas multinacionais (Darwin's Nightmare).

Se ben as películas tiñan que ser vistas de xeito individual polo alumnado, a película The Big Short foi proxectada no Salón de Graos da Facultade de CC Económicas e Empresariais en formato aberto para toda a comunidade universitaria, para que o estudantado tanto de Economía como de Dereito puideran ver o filme xuntos nun formato informal.

Ademais, como pode observarse empregáronse no proxecto tres películas de ficción e un documental. Se ben o obxectivo é empregar o cine de ficción como recurso, empregouse tamén un documental como proba. O formato documental gaña en profundidade sobre os temas económicos analizados, pero reduce o aspecto lúdico, polo que foi utilizado para valorar se o grao de interese se vía reducido ou se aumentaba o grao de coñecemento sobre o tema.

4.1.2. Características do traballo escrito a desenvolver polo alumnado

O traballo ten unha extensión máxima de dúas páxinas. Esta limitación parte de dúas premisas: o alumnado aínda está en primeiro, polo que non conta con moitas ferramentas para a análise económica ou empresarial, e ten certos déficits para a expresión escrita, polo que non busca unha longa extensión, senón unha primeira aproximación á realización de traballos escritos, o

que debe ser unha constante durante toda a titulación para así preparalos de cara a outras materias en cursos posteriores e o Traballo de Fin de Grao. Por outra banda, o elevado número de alumnado por grupo impide que se poidan corrixir correctamente os traballos se son demasiado longos.

Nesta primeira edición, as entregas foron realizadas por correo electrónico, e a avaliación publicábase no Campus Virtual. Ao alumnado simplemente se lle indicaba que se trataba de realizar unha análise das principais ideas económicas do texto e que tiñan que desenvolver tamén unha explicación da súa opinión persoal sobre estas ideas.

Polo tanto, dun lado foméntase a análise, ao obrigarse ao alumnado a reflexionar sobre cales son as ideas fundamentais, que posteriormente teñen que expresar no traballo. En segundo lugar, foméntase a actitude crítica, ao ter que valorar o que acontece na película sobre as situacións económicas ou empresariais observadas e dar unha opinión ao respecto.

A avaliación foi realizada baseándose en tres criterios: calidade do texto e expresión escrita, capacidade de identificar as situacións económicas máis relevantes e capacidade de reflexión e crítica sobre as situacións identificadas.

A data límite de entrega dos traballos sempre é o día anterior á clase interactiva onde se vai realizar o debate, para así obrigarse a todo o alumnado a realizar unha reflexión propia, en lugar de agardar á discusión en grupo, onde poder obter ideas e reflexións.

4.1.3. Características do debate en grupo

Os obxectivos de realizar un debate son a mellora da expresión oral e aumentar a capacidade de argumentación sobre ideas relativas á economía.

O debate sempre se inicia cunha intervención inicial do profesor, para dar ideas clave que deben ser consideradas. Sobre esta explicación inicial o alumnado intervéñ dando as súas opinións ou coñecemento ao respecto das ideas máis relevantes. Como a participación do alumnado non sempre é fluída, é traballo do profesor facer preguntas sobre os contidos fundamentais, e pode indicar que alumnado quere que responda, para así fomentar a participación activa da maior cantidade posible de persoas. Ao mesmo tempo, búscase orientar o debate, fiando ideas diferentes que se atopan na película, para tentar diversificar os temas a tratar.

O tempo de duración da clase é de 1h30', onde a presentación inicial non debe exceder os 10-15 minutos. Ao tratarse de clases interactivas, contamos con entre 20 e 30 alumnos, a depender do tamaño dos grupos e da súa asistencia.

A avaliación específica do debate realízase sobre un máximo de 3 puntos, que se suma á nota do traballo escrito. Polo tanto, se non hai participación no debate non se penaliza a nota, pero non se pode mellorar. Isto é así porque tamén se percibe un importante sesgo de xénero na participación oral, onde as mulleres ocupan un papel secundario sobre as intervencións dos homes, dificultándose a participación igualitaria.

Para avaliar o grao de interese das películas, no inicio de todos os debates preguntábase ao alumnado a súa opinión tanto acerca das películas como acerca dos temas que nelas se trataban. No último debate, unha vez vistas todas, fíxose un pequeno balance para identificar cales son as películas que máis interese provocaron e se é preciso retirar algunha. Así podemos identificar se hai algunha que deba ser retirada para o curso seguinte.

4.1.4. Proposta de gamificación

Dentro do proxecto “A Economía no Cine” tamén se desenvolveu unha actividade de *gamificación* na aula. Para iso, empregouse a película *The Big Short* (Adam McKay, 2015). O filme narra o comportamento de varios investidores financeiros que observan os riscos da evolución do sector bancario dos Estados Unidos durante os anos 2000, prevendo que rematará habendo unha crise económica, o que finalmente rematou acontecendo no ano 2008.

O obxectivo de empregar este filme é entender as causas iniciais da crise financeira do ano 2008, así como o impacto que os mercados financeiros e os seus produtos poden ter na economía real. Os contidos da materia ligados a esta proposta son a financeirización e a crise, ambos no temario de Estrutura Económica Mundial I. No caso da materia Economía Política II – Facenda Pública, os contidos están xustificados dende a perspectiva da intervención pública, tamén no temario da materia.

A proposta de *gamificación* é a través da realización dun xogo de rol, onde diferentes persoas da aula teñen que representar algún dos personaxes ou institucións que aparecen na película, defendendo as súas posicións a medida que o profesor vai incorporando elementos á discusión. Así, a *gamificación* ten dous obxectivos: a explicación, de xeito lúdico, do proceso de xestación da crise económica do 2008, e a reflexión por parte do alumnado sobre as decisións que poden tomarse en contextos de crise, tendo en conta que existen intereses particulares e contrapostos, polo que dúas posturas poden ter propostas de actuación diametralmente opostas.

Táboa 3. Personaxes do proxecto de gamificación. *The Big Short*

Comprador de vivenda solvente
Comprador de vivenda con pouca solvencia
Entidade bancaria que outorga hipotecas
Entidade financeira que crea produtos financeiros
Entidade financeira <i>outsider</i> , que mantén a posición dos protagonistas da película
Axencias de cualificación
Axencias reguladoras
Persoal das axencias reguladoras
Reserva Federal dos Estados Unidos
Goberno dos Estados Unidos

O reparto de personaxes faise de xeito voluntario, onde simplemente se pregunta na aula “quen quere ser...?” e a primeira persoa que o pide asume esa personaxe ao longo da sesión. As persoas que non teñen personaxe, ou que aínda non seleccionaron, interveñen libremente dando a súa opinión, ou poden apoiar algunha das personaxes se ten dificultades para explicar algunha cuestión ou manter unha posición propia. É traballo do profesor manter a participación da totalidade da clase, facendo preguntas abertas nas que o alumnado que non ten personaxe (e poden situarse como “cidadáns anónimos”) dan a súa opinión sobre as decisións que están tomando outros actores do xogo.

Como a temática é complexa e o alumnado aínda se sitúa en primeiro curso, o obxectivo da *gamificación* é tentar simplificar a evolución das causas da crise financeira dende o seu punto máis básico (as hipotecas) até a complexidade total do sistema.

Sobre esta premisa, a actividade comeza outorgando só dous personaxes: unha persoa que quere mercar unha vivenda e unha entidade bancaria que quere outorgar hipotecas. Así, preguntamos ás dúas primeiras xogadoras se queren participar do mercado hipotecario, e que

expliquen o funcionamento das hipotecas. Sobre a base das respostas, o profesor explica o funcionamento das hipotecas.

En segundo lugar incorporamos a outra persoa que quere unha hipoteca, pero desta volta ten baixos recursos, para poñer sobre a mesa os intereses do consumidor (quere unha vivenda en propiedade), da entidade bancaria (quere outorgar hipotecas minimizando riscos) e do sistema (a maior risco, maior posibilidade de impagos e problemas no sector bancario e financeiro). A entidade bancaria ten que explicar por que si outorga unha hipoteca de elevado risco e a súa lóxica económica (porque existe unha revalorización de activos inmobiliarios).

En terceiro lugar incorporamos unha nova persoa: unha entidade financeira que quere comprar produtos financeiros derivados das hipotecas. Pregúntase ao alumnado que explique o que son os bonos hipotecarios (explicados na película) e os seus problemas. Así, incorporamos xa non só ao sistema bancario, senón tamén ao sistema financeiro no xogo.

En cuarto lugar incorporamos outra xogadora: serán entidades financeiras que representan aos protagonistas da película. Serven para explicar a idea de *apostar en curto*, e as diferentes opcións de investimento nos mercados.

Posteriormente incorpóranse os elementos que fallaron na regulación do sistema financeiro: as entidades de cualificación, desenvolvendo os motivos que as levaron a dar excelentes cualificacións de risco a produtos financeiros de baixa calidade: situación de oligopolio e tamén de oligopsonio; as entidades reguladoras, que mantiñan importantes problemas de información asimétrica; e o persoal que traballa nestas entidades, onde se producen graves situacións de portas xiratorias entre regulador e empresa regulada, o que permite explicar problemas de axencia.

Por último, incorpóranse dúas institucións fundamentais: a Reserva Federal dos Estados Unidos e o Goberno dos Estados Unidos. A Reserva Federal co obxectivo de entender o papel dos tipos de xuro na xestión dunha crise e a súa importancia para o crecemento económico; o Goberno dos Estados Unidos pola súa intervención de rescate bancario cando o sistema comeza a quebrar.

A última pregunta do debate, xa en formato aberto para toda a aula, é se o goberno debe rescatar ás entidades bancarias, e cales son os efectos desa decisión.

O proxecto de *gamificación* permite así ao alumnado empregar os instrumentos de teoría económica aprendidos na titulación e ter un primeiro achegamento á política económica, dado que se lle presentan problemas e ten que tomar decisións económicas para resolvelos, vendo os seus efectos.

4.1.5. Impacto da COVID-19 e o Estado de Alarma

A partir do 14 de Marzo, unha vez aprobado o Estado de Alarma, interrompéronse as aulas presenciais, polo que parte do proxecto de innovación docente non puido ser aplicado. No caso da materia Economía Política II – Facenda Pública, só se puido realizar un debate sobre as películas, mentres que no caso da materia Estrutura Económica Mundial I só se puideron facer dous.

De cara á adaptación do proxecto ao novo contexto, suprimiuse o debate en grupo, por considerar que o Microsoft Teams non era operativo para manter debates entre un grupo tan grande de alumnado. Así, a avaliación deixou de contemplar os tres puntos de participación,

reducíndose só á actividade escrita, que se seguiu desenvolvendo nos prazos establecidos inicialmente.

4.2. Curso 2020 – 2021

Por cuestión de brevidade e espazo, a continuación soamente se exporán as variacións da segunda edición da Economía no Cine sobre a primeira.

En primeiro lugar, cambian as materias onde se vai realizar o proxecto. Xa non se vai realizar na Facultade de Dereito, nin no Grao de Economía; senón na materia de Estrutura Económica Mundial, no primeiro semestre do primeiro curso do Grao en Administración e Dirección de Empresas. De todos modos, como o seu nome indica, a materia resulta moi similar á homóloga do Grao en Economía, con pequenas variacións: desaparecen do programa os temas relacionados con poboación e recursos, para incorporarse outros dous relativos ao desenvolvemento económico e os límites ecolóxicos do planeta.

Este curso o proxecto conta coa participación de cinco grupos interactivos, o que supón un total de 133 alumnas e alumnos.

Por outra banda, hai que ter en conta que durante o curso 2020 – 2021 se mantiveron restricións ao normal funcionamento da Universidade derivado da situación pos-pandémica, o que implicaba distancia de seguridade e uso de máscaras. Se ben esta situación provocaba unha menor capacidade de relación entre o alumnado e menor dinamismo nas interaccións, a actividade puido desenvolverse case con total normalidade.

4.2.1. *Películas propostas*

Táboa 4. Películas propostas curso 2020 - 2021

Película	Ano	Tema a tratar
The Big Short	2015	Crise financeira do 2008
Sorry, we missed you	2019	Precariedade laboral e novos empregos
Cuidado, resbala	2013	Desigualdade de xénero e mercado laboral feminizado
Darwin's Nightmare	2004	Investimento Estranxeiro Directo e colonialismo

Como pode observarse, mudáronse dúas películas sobre a proposta do ano anterior. No caso de Le Capital, retírase porque ten un contido similar ao de The Big Short, e esa actividade pode ser mellor aproveitada noutro filme. Tendo en conta a experiencia docente do ano anterior, decídese incorporar o documental Cuidado, Resbala. O obxectivo é incorporar elementos relativos á desigualdade de xénero, neste caso no mercado laboral e nas actividades de coidados, para realizar unha aproximación á economía feminista e á economía de coidados, dúas concepcións da análise económica con crecente importancia na literatura académica pero que están na actualidade ausentes dos plans de estudos de Economía e ADE.

No caso de I, Daniel Blake, decídese modificar por Sorry, we missed you, para incorporar un novo tema que pode ter unha relación máis directa co mundo actual, se ben ambas películas son do mesmo director (Ken Loach) e o tratamento da situación económica global é similar.

No caso de The Big Short mantense a proposta de *gamificación* do ano anterior, e na entrega de Darwin's Nightmare non se producen mudanzas.

4.2.2. Cambios na entrega do traballo escrito

Tendo en conta a experiencia do primeiro ano realizáronse unha serie de mudanzas para a entrega do traballo. Así, neste curso terán que ser realizadas polo Campus Virtual e en *pdf*, para que sexan corrixidas directamente a través desta ferramenta polo profesorado da materia. Empregar a ferramenta tarefa do Campus Virtual ten como elemento positivo de xestión a facilidade para ordenar os traballos pero, sobre todo, que facilita ao alumnado obter *feedback* por parte do profesorado a través de comentarios. Así, a avaliación tamén pasa a formar parte do proceso de ensino-aprendizaxe, e non simplemente é un mecanismo de cuantificación dos coñecementos do alumnado para empregar na nota final.

Ademais, na actividade do Campus Virtual sempre se incorporan as instrucións da presentación e ademais un texto complementario para o apoio sobre os contidos. Así, en cada película o alumnado ten a capacidade de ler un texto que lle permita obter información previa á película e que despois sirva como base para a redacción do traballo escrito. Así facilítase a busca de ideas económicas clave na película e orienta os seus traballos cara os ámbitos de traballo desexado.

En paralelo, na busca de fomentar a aprendizaxe e a avaliación continua, en cada un dos traballos vanse modificando os criterios de avaliación incorporando novos elementos. Tendo en conta os problemas iniciais xa expresados, sobre todo os relativos á redacción e á coherencia e cohesión, no primeiro traballo o principal elemento para a corrección serán precisamente estes elementos. Progresivamente, ao longo das catro entregas, este elemento pasará a ser secundario (determinado pola mellora do conxunto de traballos nesta dirección), e daráselle máis importancia aos elementos de identificación de ideas, análise e capacidade crítica.

Dende o punto da perspectiva da corrección académica, no terceiro traballo será opcional incorporar referencias bibliográficas no traballo, o que sube até un máximo de dous puntos na nota do traballo, para que teñan unha primeira experiencia citando textos científicos e académicos, un elemento fundamental para a redacción de traballos ao longo da carreira e tamén no TFG. Na última entrega, a cita de referencias bibliográficas é obrigatoria, e os dous puntos outorgados xa non suman sobre a nota do traballo, senón que contan nunha avaliación sobre 10.

4.3. Curso 2021 – 2022

Neste terceiro curso de aplicación da proposta de innovación docente repítese a materia de Estrutura Económica Mundial no primeiro curso de Administración e Dirección de Empresas. Ademais aprovéitase a proposta de *gamificación* na materia Historia Económica Mundial do segundo semestre do primeiro curso no Grao de Economía, novamente derivado dos cambios no POD.

No materia Estrutura Económica Mundial a actividade é realizada en seis grupos interactivos, cun total de 152 alumnas e alumnos, mentres a *gamificación* na materia de Historia Económica Mundial é realizada en catro grupos interactivos, atinxindo a un total de 127 alumnas e alumnos.

Neste curso, por primeira vez o proxecto pode aplicarse sen restricións ligadas á COVID-19, o que facilita o desenvolvemento das actividades presenciais e a organización dos debates sobre os contidos das películas.

4.3.1. Películas propostas

Táboa 5. Películas propostas curso 2021 - 2022

Película	Ano	Tema a tratar
----------	-----	---------------

The Big Short	2015	Crise financeira do 2008
The Laundromat	2019	Evasión fiscal
Cuidado, resbala	2013	Desigualdade de xénero e mercado laboral feminizado
Darwin's Nightmare	2004	Investimento Estranxeiro Directo e colonialismo

Nesta terceira edición faise apenas un cambio entre as películas propostas. Retírase *Sorry, we missed you*, para incorporar *The Laundromat*. A motivación para este cambio vén determinada porque na edición anterior a película tivo a menor aprobación entre as propostas. *The Laundromat* cambia o tema cara a evasión fiscal, que tamén ten espazo na materia, nos temas de Crecemento e cambio estrutural na economía mundial e desenvolvemento e subdesenvolvemento económico.

No caso de *The Big Short* mantense a proposta de *gamificación* do ano anterior, e na entrega de *Darwin's Nightmare* non se producen tampouco mudanzas.

4.3.2. Unha nova proposta de avaliación a través de rúbrica

Neste curso, atendendo ás dificultades para a corrección de traballos e o elevado tempo empregado, modifícase o método de avaliación, incorporando unha rúbrica dende o propio Campus Virtual. O obxectivo da avaliación continúa sendo dar *feedback* para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe, pero aumentando a eficiencia do profesorado ao realizala.

A rúbrica foi empregada para *The Big Short*, como primeira aproximación a este sistema e a súa utilización no Campus Virtual da USC. O proceso de deseño da rúbrica foi elaborado no curso do PFID As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na Educación Superior.

4.4. Curso 2022 – 2023. Un salto cualitativo da proposta docente. O Ciclo ‘A economía e a empresa no cinema’

No curso 2022 – 2023 súmase ao proxecto o profesor Raul Rios Rodríguez (Departamento de Economía Aplicada), e decídese darlle un salto cualitativo á proposta. Tendo en conta os positivos resultados dos anos previos, tras comprobar que os as necesidades de formación detectadas (indicadas no inicio deste documento) son conxuntas para ambas titulacións do centro e partindo de que precisan dun enfoque transversal e non só nunha materia específica, decídese abrir a actividade para que calquera estudante da Facultade poida participar. Isto difire do que é habitual na maioría dos proxectos deste tipo realizados nas Universidades españolas, circunscritos ao ámbito dunha materia concreta (Pac Salgas & García Casarejos, 2013; Pérez López & López Mielgo, 2007, entre outros); pero trátase dun modelo que xa foi ensaiado e obtivo bos resultados (Fernández *et al*, 2012).

Así, neste curso a actividade toma forma de ciclo de cinema de seu, e pasa a denominarse ‘A economía e a empresa no cinema’. No relativo á organización, cada tres semanas desde o inicio de curso realízase unha proxección, a excepción do mes de xaneiro, por ser período de exames no calendario oficial da Universidade de Santiago de Compostela.

A Facultade conta cos graos en Economía e en ADE, do mesmo xeito que cinco másteres oficiais e dous títulos propios. Para fomentar a participación do estudantado de grao, que era o *target* principal da actividade, ofreceuse un crédito ECTS por asistir ao ciclo completo, seguindo o modelo doutros proxectos similares (da Torre *et al*. 2013). O límite máximo de persoas

rexistradas para a obtención do crédito foi de 100, aínda que as proxeccións son sempre abertas, polo que o alumnado non inscrito tamén puido participar de forma puntual cando o considerou.

Antes de cada proxección, o profesorado organizador realizaba unha explicación inicial da temática proposta a través da película, durante un máximo de 15 minutos, empregando o método interrogativo e con soporte de ferramentas dixitais para facilitar a comprensión inicial do tema. É obvio que o cinema non ten por que ter uns obxectivos pedagóxicos, pero si de entretemento, polo que o papel do profesorado consistía en situar o debate económico ou empresarial dentro da película; é dicir, proporcionar a información necesaria para comprender as diferentes capas de significado da película. Para iso, máis aló de verbalizar e visualizar o tema xeral, mostrábanse datos para reforzar as ideas que serían tratadas na proxección, así como un contexto histórico para enmarcar a realidade económica ou empresarial concreta.

Ao finalizar a película, abríase un tempo para realizar un coloquio, cun máximo de 30 minutos, para analizar as ideas económicas ou empresariais fundamentais do filme. Neste apartado o papel do profesorado é guiar o debate, permitindo o diálogo entre o alumnado asistente.

Ao rematar o ciclo, enviouse a todo o alumnado participante un cuestionario para obter *feedback* das súas impresións para edicións posteriores. Responder á enquisa foi un requisito para obter o crédito ECTS que se ofrecía por completar satisfactoriamente a actividade. Os resultados desta enquisa son analizados no próximo apartado.

Por último, é necesario sinalar que só finalizaron o ciclo 36 estudantes, mentres que a matrícula inicial foi de 75, o que implica unha taxa de éxito do 48%. Para interpretar este dato, hai que ter en conta que a matrícula foi gratuíta, polo que non existía ningún desincentivo para evitar que o alumnado se matriculase na actividade naqueles casos nos que non tivesen claro se ían poder ou querer asistir á maioría das sesións.

Recollendo a avaliación realizada sobre o Ciclo de Cinema, durante o curso 2023 – 2024 volveuse desenvolver un novo ciclo, desta volta baixo o nome Cinefórum: Empresa, Economía e Sociedade. Na presente memoria non desenvolveremos esta actividade, por estar aínda en curso e non contar con datos de avaliación globais.

4.4.1. Películas propostas

Para a selección de películas mantivéronse dous criterios: filmes non excesivamente antigos (2002 é o ano da película de maior idade) e con temas económicos relevantes que resultasen útiles para entender a economía no presente. A proposta só incorpora películas, descartando a posibilidade de utilización de documentais, a diferenza da actividade realizada por Fernández et al (2012), e a proposta de cursos anteriores realizada nas aulas.

Aínda que a utilización de documentais tamén é moi interesante desde o punto de vista didáctico, no noso caso optamos polo uso exclusivo da ficción para acentuar a faceta lúdica da actividade e garantir o compromiso do público; renunciando á maior capacidade analítica que poden promover os documentais, seguindo o criterio de Pérez López & López Mielgo (2007).

A Táboa 6 resume as películas proxectadas e os temas debatidos en cada unha:

Táboa 6. Películas proxectadas, dirección e temas tratados. Ciclo de cine: A economía e a empresa no cinema

Título	Director	Tema tratado
The Wolf of Wall Street (2013)	Martin Scorsese	Especulación financeira
La odisea de los Giles (2019)	Sebastián Borensztein	Corralito na Arxentina
Le Couperet (2005)	Costa-Gavras	Competencia no mercado laboral

Adults in the Room (2019)	Costa-Gavras	Crise grega e institucións europeas
The Laundromat (2019)	Steven Soderbergh	Paraísos fiscais
Los Lunes al Sol (2002)	Fernando León	Desindustrialización e desemprego
It's a free world (2007)	Ken Loach	Precariedade laboral
Pride (2014)	Matthew Warchus	Auxe do neoliberalismo e resposta social

4.5. Discusión sobre os resultados da enquisa do Ciclo de Cinema

Os resultados da enquisa indican que a ficción audiovisual é unha ferramenta de ensino eficaz nos ámbitos da economía e a empresa, que consegue aumentar o interese do alumnado por temas ou fenómenos da realidade económica e transmitir coñecementos acerca dos mesmos.

A actividade foi concibida para desenvolverse á marxe as materias oficiais. Isto permitiu tratar temáticas que por falta de tempo non son abordadas nos programas de cada disciplina, pero existía o risco de que, ao non ser unha actividade obrigatoria, o alumnado non participase. Aínda que o número de participantes é máis reducido que se se tratase dunha actividade obrigatoria; si que existe un tipo de alumnado que aproveita este tipo de proxectos docentes. De acordo cos resultados da enquisa, a posibilidade de obter 1 crédito ECTS como recompensa polo tempo investido no ciclo, xunto co interese polo cinema, foron os principais factores que motivaron a participación. Ademais, as respostas do alumnado confirman que o cinema é percibido como unha actividade lúdica e que iso lles facilita o achegamento ás temáticas económicas tratadas nas películas. Da valoración global do ciclo, a afirmación con máis porcentaxe de respostas “de acordo” ou “totalmente de acordo” (94%) é a de que “o cinema paréceme adecuado como ferramenta de aprendizaxe”.

As puntuacións sobre o grao de coñecemento previo dos temas tratados nas diferentes películas son en xeral modestas, o que pon de manifesto que o ciclo cumpre o seu obxectivo de abordar temas que por falta de tempo non son o suficientemente tratados nos Plans de Estudos oficiais (sobre todo, tendo en conta a alta porcentaxe de alumnado de 4º ano). O feito de que a pregunta sobre grao de interese suscitado polos temas das películas teña maiores puntuacións que o grao de coñecemento previo, moito máis modesto, reforza a conclusión de que o ciclo é moi pertinente e cobre un espazo no currículo do alumnado.

Nese sentido, tamén é de destacar que o alumnado valora nas posicións máis altas da escala o grao de utilidade que tiveron as presentacións previas a cada película: os que marcaron 4 ou 5 sempre se mantiveron entre o 67% e o 82% das respostas. Este resultado é especialmente relevante, pois confirma que resultou un acerto deseñar as sesións de forma que houbo unha explicación previa que achegase a base de coñecementos necesaria para entender todas as capas de significado das películas e non quedándose só nunha comprensión superficial.

As autoavaliacións sobre o que cada alumno/a considera aprender con cada película non son tan positivas como poderían, aínda que tampouco son negativas. É dicir, unha parte relevante do alumnado considera que podería ter aprendido máis; existe marxe de mellora neste aspecto. Non é de estrañar que, ao aproximarse a temas relativamente complexos, o alumnado sexa consciente do seu propio descoñecemento acerca dos mesmos, mesmo a pesar de aprender algo grazas á actividade. O reto consiste, entón, en que esa sensación de relativa ignorancia se traduza nunha maior curiosidade e ganas de aprender, e non en desidia ou apatía. Infelizmente, o feito de que a maioría do alumnado recoñeza non buscar máis información sobre os temas tratados tras ver cada película suxire isto último.

5. Vantaxes e dificultades

Tendo en conta que as vantaxes deste proxecto de innovación docente foron identificadas noutros apartados, neste epígrafe centraremos as nosas reflexións sobre as súas dificultades.

En primeiro lugar temos que falar do elevado número de alumnado, así como a grande ratio de alumnado por aula; se atendemos aos primeiros cursos do proxecto, cando se circunscibía ao marco de materias específicas. Como se observou previamente, o proxecto é desenvolvido para máis de 100 alumnas e alumnos en cada semestre, o que significa un volume de traballo para o docente difícil de abarcar. Así, se as correccións dos traballos escritos queren facerse correctamente, emprégase unha cantidade de tempo que non sempre é asumible.

No mesmo sentido, a ratio de alumnado nas aulas tampouco favorece o desenvolvemento dos debates, dado a cantidade de alumnado presente. Esta realidade faise patente en todos os debates, onde é sinxelo que parte do alumnado non teña participación activa e o profesorado ten difícil facer partícipe a toda a aula do diálogo. Esta realidade é particularmente patente no proxecto de *gamificación*, tendo en conta que os roles a representar non superan o número de 10, e a asistencia á aula rolda as trinta persoas.

Tendo en conta estas dúas circunstancias, a primeira reflexión debe ir encamiñada á necesidade de contar con maior número de profesorado, que permita que estes proxectos se desenvolvan de xeito normal e non polo simple voluntarismo de determinados docentes. Sendo conscientes da dificultade relativa a isto, é preciso buscar mecanismos de corrección que permitan gañar eficiencia ao profesorado, como é o caso das rúbricas, se ben son un sistema de corrección que tamén presenta limitacións para poder dar un *feedback* máis amplo. Ao mesmo tempo, tamén hai que buscar mecanismos de participación colectiva nos debates, ben sexa creando grupos de pequeno tamaño na propia aula ou ben forzando á participación por parte do profesorado, se ben isto pode implicar un maior malestar entre o alumnado, que pasan de ver unha actividade lúdica a algo imposto.

No relativo á participación nos debates e á expresión escrita é fundamental prestar especial atención á situación das alumnas en relación cos seus colegas homes. A educación e socialización das mulleres xeralmente as reclúe do espazo público e subordina os seus espazos de expresión aos homes que teñen ao redor, polo que é máis difícil que as voces femininas se fagan visibles nos debates, a excepción daquelas mozas particularmente dinámicas. Así, o groso de intervencións son masculinas, o que redundará nunha menor práctica da expresión oral por parte das mulleres, e tamén condiciona a súa aprendizaxe e dificulta que normalicen falar en público, unha competencia fundamental para o seu futuro laboral. Polo tanto, hai que incorporar estratexias para facilitar que as voces femininas teñan maior presenza nos debates, até atinxir unha situación de igualdade ou normalidade.

No relativo ao ciclo 'A economía e a empresa no cinema', fóra do horario oficial, tamén se atoparon limitacións no relativo á mellora da expresión oral. As sesións estaban concibidas para finalizar cun coloquio posterior á proxección de cada película, para que o alumnado intercambiase opinións e interpretacións sobre as problemáticas abordadas en cada caso. Con todo, resultou moi complicado que o alumnado se animase a intervir e compartir opinións e argumentos con certo grao de elaboración. Este é un problema que outros proxectos similares que haxa no futuro deberán resolver. Aínda así, unha opción é que, dada a duración media das películas (unhas dúas horas) e que as proxeccións se realizan a última hora da tarde para que non coincidan coas aulas, resulte imposible manter un coloquio en condicións, porque o

alumnado está demasiado cansado ao final das sesións. Para evitar este problema, no curso 2023 – 2024 a proxección iníciase antes, polo que o alumnado xa non sae tan tarde do centro.

Ademais, existen unha serie de problemas ligados ao ciclo de cinema e que son de difícil solución. En primeiro lugar, os horarios de clase, que impiden que parte do alumnado con horario de tarde poida asistir. En segundo lugar, as limitacións relativas á capacidade de captación. Tendo en conta que o público obxectivo son case 2.000 estudantes no centro, é difícil poder chegar a todos eles nas semanas iniciais do curso, cando están a tempo de realizar a matrícula a través da secretaria virtual e así obter o crédito ECTS.

Por último, resulta necesario destacar unha limitación sobre a avaliación do ciclo de cinema: a enquisa non foi respondida polo alumnado que abandonou o ciclo antes de este finalizar. Isto implica que, cos datos cos que contamos, non resulta posible inferir as causas de abandono, o cal podería ser interesante para evitar ou mitigar eses factores en futuras edicións.

6. Recursos, ferramentas

Para o desenvolvemento do proxecto foi necesario empregar diversos recursos e ferramentas, que identificamos a continuación:

- a) Correo electrónico institucional: principal vía de comunicación co alumnado, e durante o primeiro curso do proxecto, tamén mecanismo a través do cal se realizaban as entregas dos traballos escritos. Para o Ciclo de Cinema utilizouse o correo para recordar as proxeccións uns días antes e ofrecer informacións útiles sobre as mesmas.
- b) Campus Virtual. Tres recursos do Campus Virtual foron empregados de xeito habitual:
 - a. Ferramenta Tarefa. A partir do segundo curso, principal mecanismo para a entrega dos traballos, e espazo onde se proporciona a información sobre cada actividade a realizar.
 - b. Chat. Ferramenta para a resolución de dúbidas. Comezouse a empregar o chat para substituír ao correo electrónico, por ser un método máis dinámico de conversa co alumnado.
 - c. Aula de coordinación. Para a difusión do Ciclo de Cinema foi empregada a aula de coordinación, a través da cal se pode facer difusión a todo o alumnado do centro sobre a actividade.
- c) Microsoft Teams. Particularmente durante o curso 2019 – 2020, mecanismo fundamental de comunicación para trasladar información sobre as actividades a realizar. Tamén empregado no curso 2020 – 2021, sobre todo nas persoas que non podían asistir a clase por estar en situación de illamento.
- d) Redes Sociais. As Redes Sociais da Facultade foron empregadas para difundir o Ciclo de Cinema e facilitar a matrícula no mesmo.
- e) Colocáronse cartaces pola Facultade e utilizáronse as pantallas de información xeral da entrada para realizar a difusión do Ciclo de Cinema.

Ningún dos recursos utilizados tivo un custo económico; a excepción dos cartaces impresos para promocionar o Ciclo de Cinema.

7. Bibliografía

Alsawaier, R. S. (2018). The effect of gamification on motivation and engagement. *The International Journal of Information and Learning Technology*, 35(1), 56-79. <https://doi.org/10.1108/IJILT-02-2017-0009>

Asarta, C. J., Chambers, R. G., & Harter, C. (2021). Teaching methods in undergraduate introductory economics courses: Results from a sixth national quinquennial survey. *The American Economist*, 66(1), 18-28.

Centro de Datos da USC (2024). *USC en cifras*. base de datos interna

Becker, W. E., & Watts, M. (1995). Teaching tools: Teaching methods in undergraduate economics. *Economic Inquiry*, 33(4), 692-700.

Becker, W. E., & Watts, M. (1996). Chalk and talk: A national survey on teaching undergraduate economics. *The American Economic Review*, 86(2), 448-453.

Becker W., Watts M. (Eds.). (1998). *Teaching economics to undergraduates: Alternatives to chalk and talk*. Edward Elgar.

Becker, W. E., Becker, S. R., & Watts, M. W. (Eds.). (2006). *Teaching economics: More alternatives to chalk and talk*. Edward Elgar Publishing.

de Haro, G. (2007). *Lecciones de Estrategia con El Padrino*. Barcelona: Prentice-Hall.

de la Torre, S., Oliver, C., Violant, V., Tejada, J., Rajadell, N., & Girona, M. (2013). El cine como estrategia didáctica innovadora. Metodología de estudio de casos y perfil de estrategias docentes. *Contextos Educativos. Revista De Educación*, (6), 65-86. <https://doi.org/10.18172/con.529>

Echarte, M. Á., Jorge-Vázquez, J., Nández, S. L. & Reier, R. (2022). Teaching Economics at University through Film and Literature. *International Journal*, 8(2), 89-110.

Fernández, L., Fernández, S., Durán, P., & Vivel, M (2012). El Cine como Herramienta Metodológica en la Enseñanza en Economía y Administración de Empresas: El Proyecto Cinempresa. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.

Fernández Aguado, J. (2001). *La Empresa en el Cine. 70 Películas para la Formación Empresarial*. Madrid: CIE.

Fernández Aguado, J. (2010). *Management a través del Cine*. Madrid: Wolters Kluwer

Mourão, P. R. (2005). La economía y Las uvas de la ira. *Cuadernos de Economía*, 24(43), 65-81

Pac, D & García, M. N (2013). El cine como herramienta de aprendizaje en el aula. Claves de una experiencia docente multidisciplinar en el ámbito económico. *RIO: Revista Internacional de Organizaciones*, (10), 181-197.

Pérez López, S., & López Mielgo, N. (2007). Metodología docente para la enseñanza de los recursos humanos: el uso del cine. *Aula Abierta*, 35 (1-2).

Prieto Andreu, J. M. (2020). Una revisión sistemática sobre *gamificación*, motivación y aprendizaje en universitarios. *Teoría de La Educación : Revista Interuniversitaria*: 32, 1, 2020, 73-99. <https://doi.org/10.14201/teri.20625>

Rodríguez González, R. (2006). Diseño de entornos para el desarrollo de la autonomía en el aprendizaje. *Aula abierta*.

Rodríguez Rodríguez, E. (2024). ¿Qué significa innovar en educación superior? Una aproximación conceptual. *Innovaciones Educativas*, 26(40), 170-187. <https://doi.org/10.22458/ie.v26i40.4845>

Salinas, J. (2004). Innovación docente y uso de las TIC en la enseñanza universitaria. *Rev. U. Soc. Conocimiento*, 1, 1

Anexo I: Rúbrica empregada para The Big Short

1. Coherencia, cohesión e estrutura do texto [2 puntos]:
 - a. O texto non está ben redactado, por carecer de normas de puntuación ou expoñer ideas inconexas.
 - b. O texto é coherente pero carece dun fío condutor que enlace as diferentes ideas, faltando unha estrutura.
 - c. O texto está correctamente estruturado, contando cunha introdución, análise dos elementos de maior relevancia e conclusións.
2. Analiza as causas da crise do 2008 [3 puntos]:
 - a. Non é capaz de identificar as causas da crise.
 - b. Identifica correctamente as causas da crise, pero non as desenvolve.
 - c. É capaz de identificar e explicar correctamente as causas da crise.
 - d. Identifica e explica correctamente as causas da crise, sendo tamén capaz de analizar as consecuencias destes eventos económicos.
3. As similitudes da crise do 2008 con 1929 [2 puntos]:
 - a. Non é capaz de identificar similitudes ou diferenzas entre as crises do 2008 e 1929.
 - b. Fai referencia a ambas crises, pero non é capaz de establecer similitudes ou diferenzas.
 - c. Fai referencia a ambas crises e identifica correctamente elementos en común entre ambas.
4. O papel das institucións na xestación e xestión da crise do 2008 [2 puntos]:
 - a. Non é capaz de identificar institucións relevantes para a xestación e xestión da crise.
 - b. É capaz de identificar institucións, pero non desenvolve a súa importancia para a xestación e xestión da crise.
 - c. Identifica institucións e analiza correctamente o seu papel na xestación e xestión da crise.
5. Cita de 3 referencias bibliográficas [1 punto]:
 - a. Non incorpora ningunha referencia bibliográfica
 - b. As referencias son insuficientes, non son pertinentes ou non están correctamente citadas.
 - c. Incorpora mínimo 3 referencias, son pertinentes e están correctamente citadas.

Anexo II: Evidencias

Por razóns de espazo, neste anexo amósanse exemplos de evidencias, e non a totalidade para todos os cursos ou actividades individuais.

- a) Exemplo de presentación da materia durante o primeiro día de clase. Diapositiva coa información básica sobre a actividade do proxecto docente. Materia de Estrutura Económica Mundial I, Grao de Administración e Dirección de Empresas. Curso 2020 – 2021.

A economía a través do cine

1. The Big Short (Adam McKay, 2015)
2. Sorry, we missed you (Ken Loach, 2019)
3. Cuidado, Resbala (Varias autoras, 2013)
4. Darwin's Nightmare (Hubert Sauper, 2004)

Facer un traballo. Reflexión persoal.
0,5 puntos das interactivas.
Data límite:

1. 9 de Outubro
2. 23 de Outubro
3. 6 de Novembro
4. 20 de Novembro

- Dúas follas
- Times New Roman 12
- Interliñado simple
- Texto xustificado
- Entregar polo Campus Virtual

b) Exemplo de tarefa no Campus Virtual para a entrega dos traballos escritos. Entrega sobre o documental Cuidado, Resbala, no Grao de Administración e Dirección de Empresas. Curso 2020 – 2021.

Inicio Taboleiro Os meus cursos

🔔 🗨 👤 Modo de edición

Curso 2020/2021 / Grao / Estrutura Económica Mundial [G3071104] [2020/2021] / Entrega Opinión Persoal. Cuidado, Resbala. Interactivo 1

📄 Entrega Opinión Persoal. Cuidado, Resbala. Interactivo 1

Tarefa
Axustes
Cualificación avanzada
Máis ▾

Marcar como feito

Pendente: venres, 6 de novembro de 2020, 23:59

Normas de entrega:

- Máximo 2 follas.
- Times New Roman, 12.
- Interliñado simple.
- Texto xustificado.
- O arquivo ten que ser en .pdf.

Podedes ver o documental no seguinte enlace: <https://vimeo.com/67552738>
E aquí vos queda un texto complementario sobre a Economía dos Coidados: https://www.eldiario.es/alternativaseconomicas/economia-cuidados-base-desigualdad_132_1297600.html

Ver todas as entregas
Cualificación

Resumo das cualificacións

Grupos separados Todos os participantes ▾

Agochado para os alumnos	Non
--------------------------	-----

c) Recoñecemento de 1 crédito ECTS para o Ciclo da Economía e empresa no Cine



O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa reunión do 5 de xullo de 2016, modificado polo mesmo órgano o 12 de maio de 2017 e o 10 de xullo de 2018, aprobou o texto refundido sobre o recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do artigo 46.2.i da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade **"CICLO DA ECONOMÍA E EMPRESA NO CINE"** da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e o informe da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa do 24 de outubro de 2022, esta reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade **"CICLO DA ECONOMÍA E EMPRESA NO CINE"** organizada pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, para ser imputada nos estudos de Grao na Universidade de Santiago de Compostela, cunha equivalencia de **1 ECTS**.

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos que recoñece a presente resolución poderánse imputar aos alumnos que cursen estudos de Grao en Economía e Grao en Administración e Dirección de Empresas na Universidade de Santiago de Compostela.

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Figurará como responsable académica universitario Adrián Dios Vicente, Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais.

Para os efectos de información os alumnos poderán dirixirse á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Telf: 8818 11683 E-mail: adrian.dios@usc.es

CUARTO.- ACREDITACIÓN E RECOÑECIMENTO

A acreditación da actividade reflectirase mediante acta asinada polo responsable académico da actividade. O código da actividade será **CT2022H7**.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán a solicitude de recoñecemento na Unidade de Xestión Académica onde se lles expedirá o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.

Documento asinado digitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015) polo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.